



LAREDO CORDONIÉ, J.M^a e X.M^a LEMA SUÁREZ (2012): *Os cruceiros máis sobranceiros da Costa da Morte. I. Bergantiños Occidental e Terra de Soneira*; Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte, Vimianzo (88 pp.)

- 130 fotografías (dos autores, e tamén de R. Mouzo Lavandeira e M. Vilar Álvarez)
- 13 debuxos (de R. Mouzo Lavandeira e de J.M. Laredo Verdejo)
- 1 mapa xeral (de R. Mouzo).

SINOPSE

Foi tanta a abundancia de cruceiros que rexistramos no extenso territorio da Costa da Morte que non tivemos máis remedio que acometer nesta primeira fase os das dúas comarcas setentrionais (occidente de Bergantiños e a Terra de Soneira), quedando para unha segunda a zona meridional: a comarca de Fisterra e os concellos de Mazaricos e Carnota. Non pretendemos facer unha relación exhaustiva de todos os cruceiros existentes, senón tan só unha síntese, un percorrido polos máis significativos que, polos motivos máis diversos (a beleza artística, a antigüidade, unha iconografía inédita, detalles curiosos.), non se deben deixar de visitar.

As catro parroquias occidentais de Bergantiños, cun total de 288,2 km², teñen 37 cruceiros e cruces máis cós tres concellos da Terra de Soneira (372,14 km²): 173 fronte a 136. A porcentaxe de cruceiros por parroquia é superior en Bergantiños (4,55 cruceiros fronte a 4).

En cruceiros con figuras tamén Bergantiños occidental supera amplamente á Terra de Soneira: 75 fronte a 43 (2 cruceiros con figuras por parroquia en Bergantiños e 1,3 en Soneira).

En cruceiros sen figuras os números totais son case parellos (68 en Bergantiños, 67 Soneira), e a porcentaxe, neste caso, é algo pouco favorable a esta última comarca (1,97 fronte a 1,79).

No número e porcentaxes de simples cruces os resultados tamén son parellos: 27 en Bergantiños (0,71 cruces por parroquia) e 26 en Soneira (0,76 por parroquia).

A superioridade de Bergantiños occidental en número de cruceiros e cruces tamén se observa no feito de que nesta comarca hai un cruceiro por cada 1,66 km² e na Terra de Soneira requírese unha extensión maior: 2,73 km².

Malia todo isto, consideramos que a calidade e a antigüidade dos cruceiros é superior a dos exemplares soneirás. Sen desmerecer os demais, o **concello de Vimianzo** ocupa para nós o primeiro lugar en riqueza artística, pois nel atópase a verdadeira Meca desta modalidade artística das dúas comarcas setentrionais da Costa da Morte: a parroquia de **Bamiro**, que conserva non só o singular **cruceiro gótico dos Santos**, senón tamén o da **Devesa**, xunto co parroquial e o da ermida de Monte Torán. Dentro de Vimianzo temos tamén o cruceiro de **Paizás** (Cambeda), de principios do séc. XVII, e o do **cemiterio de Tines** (o do *Desencravo*, de principios do séc. XVIII). Treos, Berdoias, Castrelo e Calo tamén conservan exemplares barrocos datables no séc. XVIII.

Tamén é rico o **concello de Zas**, con exemplares barrocos do séc. XVIII coma os parroquiais de Gándara, Lamas, Mira, Sto. Adrián de Castro, ou mesmo anteriores a este século (O Sisto-Gándara, Romelle-Loroño). O do **cemiterio de Sto. André de Zas** é un magnífico exemplar de mediados do séc. XIX.

No **occidente de Bergantiños** salienta sobre todos o cruceiro do **pazo de Amarelle** (Nemeño-Ponteceso), barroco de mediados do séc. XVIII, que tamén rexistra a iconografía da Trindade nun dos seus lados (inspirada, sen dúbida, no cruceiro dos Santos de Bamiro). Dentro deste mesmo **concello de Ponteceso**, os parroquiais de **Cores**, co singular escorzo do crucificado, o tan primitivista cruceiro da familia Pondal na vila de Ponteceso (do séc. XIX), tamén atraen o noso interese. O cruceiro de **Niñóns** semella moi antigo. A cruz da **Pedra da Serpe** de Gondomil (Corme Aldea) tamén recaba o noso interese, máis pola misteriosa serpe esculpida no penedo da base que pola cruz mesma. As **cruces da punta do Roncudo**, de tráxico sabor romántico, evócanos historias tráxicas de vidas perdidas no mar.

O **concello de Cabana** conserva interesantes exemplares, algúns ben antigos, coma o da ermida de **San Roque da Ermida** (Anos), de 1675, coa figura da Madalena bicando os pés do crucificado. Nas carballeiras que acubillan os santuarios de **San Fins do Castro** (Cesullas) e do **Briño** (Borneiro) hai ben traballados exemplares do séc. XVIII. Tamén teñen o seu interese o cruceiro do Sacramento de **Cesullas**, o do **Esto** e o da ermida da **Eirita** (Anos).

En **Malpica** salientamos o parroquial de **Cerqueda**, **A Pedrosa** (Leiloi) e **Santiso de Vilanova**, sen desmerecer o da **praza de Malpica**.

A publicación desta obra foi posible grazas ó Proxecto Singular "Percorrendo Vieiros da Costa da Morte 2012", aprobado pola Deputación da Coruña

